

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS E XANELAS “VIANA PONTE GUAPA”

1. ORGANIZA

O Concello de Viana do Bolo, con domicilio na Rúa Constitución nº 14, Viana do Bolo (Ourense) C.P. 32550 e o CIF nº P3208700I-, en diante, “A Organización”.

2. OBXECTIVO

O Concurso ten como obxectivo a decoración e ornamentación dos balcóns e xanelas da vivendas e edificios de Viana do Bolo para realzar o seu encanto **durante as datas do 1 de xullo ao 1 de agosto de 2022.**

3. PARTICIPANTES

Poderán participar persoas, maiores de idade, propietarias ou arrendatarias de inmobles situados nas rúas da vila de Viana do Bolo.

4. PERIODO DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN

A inscrición e gratuíta e individual.

O período de inscrición estará aberto dende o 1 ata o 30 de xuño de 2022

Será necesario inscribirse a través do formulario de inscrición do concurso que figura como anexo nas presentes bases.

A inscrición poderá entregarse nas Oficinas do CIM ou enviarse ao enderezo electrónico cimviana@gmail.com.

O concurso estará en vigor entre os días 1 de xullo e 1 de agosto de 2022 tempo no que ha de manterse decorado e coidado en perfecto estado.

5. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

a) Os elementos decorativos para engalanar os balcóns e xanelas deixaranse á libre elección das persoas participantes, sempre en canto cumpran as normas básicas de convivencia e respecto. Poderán usarse flores, ornamentos tradicionais, tecidos, iluminación non perigosa, etc.

b) Queda prohibido o uso de iluminación usando elementos coma velas, fachos ou calquera tipo de elementos pirotécnicos.

c) Queda prohibida a exhibición de bandeiras, simboloxías ou mensaxes nos balcóns e xanelas que participen no concurso.

c) Os elementos utilizados deberán estar ben ancorados á estrutura do balcón ou xanela sen que a súa localización obstaculice, estorbe e/ou poña en risco a seguridade dos vehículos e/ou viandantes.

d) En caso de que se produza algún tipo de defecto do material que forma parte da decoración durante o período de exposición, deberá ser substituído ou retirado, sendo responsabilidade

do/a particular que montou a decoración.

d) As persoas participantes serán responsables de calquera accidente ou dano causado pola caída de algún elemento decorativo (ou parte deste), á vía pública.

e) A realización do concurso e a entrega de premios require unha participación mínima de 10 persoas. Se o número é menor daranse os premios por desertos.

6. PREMIOS

Outorgaranse 3 premios de 3 bonos para os balcóns e xanelas gañadores:

1º Premio: 200 €

2º Premio: 100 €

3º Premio: 50 €

Os bonos deberanse intercambiar integramente nun establecemento comercial de Viana do Bolo co obxecto de favorecer o comercio local. O bono que deberá ser canxeado antes do 4 de novembro de 2022

A data de comunicación das persoas gañadoras terá lugar na 1ª quincena de agosto, publicando as persoas gañadoras na páxina web e nas redes sociais do Concello de Viana do Bolo. Os/as gañadores/as tamén serán avisados/as telefónicamente.

7. XURADO

Será designado pola Organización e estará composto 3 persoas que teñan coñecementos artísticos e/ou decorativos.

O Xurado visitará sen previo aviso e de xeito individual os balcóns e xanelas participantes no concurso durante o período de duración do mesmo (do 1 de xullo ao 1 de agosto).

O fallo do Xurado, que será inapelable, farase público na páxina web do Concello de Viana do Bolo e as persoas gañadoras serán avisadas telefonicamente a partir do día seguinte da decisión do Xurado.

O Xurado reservase o dereito de resolver todas as situacións non contempladas nestas bases, así como o dereito a declarar desertos os premios por motivos xustificadas e/ou se non se consegue un mínimo de inscricións no concurso (8 persoas mínimo).

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Xurado, na súa labor de selección dos balcóns e xanelas premiados neste concurso , valorará fundamentalmente os seguintes aspectos:

- a) Deseño da composición
- b) Orixinalidade e creatividade da composición
- c) Harmonía do conxunto
- d) Uso de materiais reciclados
- e) Vistosidade da composición

9. ACEPTACIÓN DE BASES

A Organización resérvase o dereito de modificar ou tomar iniciativas non reguladas nas bases, sempre que poidan contribuír a un maior éxito desta convocatoria.

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, a conformidade absoluta coas decisións do xurado e a renuncia a calquera reclamación.

Así mesmo, autorízase á Organización a realizar fotografías aos balcóns e xanelas participantes, reservándose todos os dereitos, podendo ser usadas para a súa publicación en calquera medio.

En Viana do Bolo, a 23 de maio de 2022

O Alcalde, Andrés Montesinos Rodríguez

Documento asinado dixitalmente



Cod. Validación: HELTT9WWSRWDF2SK3S67N4NH3 | Corrección: <https://vianadobolo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS E XANELAS “VIANA PONTE GUAPA”

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE					
NOME E APELIDOS					
DNI		TELÉFONO			
ENDEREZO ELECTRÓNICO					
MARCAR A OPCIÓN PARTICIPANTE		BALCÓN		XANELA	
ENDEREZO DO LUGAR DECORADO					

ANEXO II: AUTORIZACIÓN TRATAMENTO DATOS PERSOAIS

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos Persoais e co artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe e o Regulamento (UE) 2016 / 679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Eu, D./Dna. _____ con DNI / NIE N° _____
maior de idade, con domicilio en _____

AUTORIZO:

Ao Concello de Viana do Bolo, mediante consentimento informado e expreso, a facer uso dos meus datos persoais en todo o relativo á miña participación no Concurso de decoración de balcóns e xanelas “Viana ponte guapa”

Para que todo o anterior conste asina en Viana do Bolo, o ____ de xuño do 2022.

Asinado: _____

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 (LOPD) informámoslle que os datos facilitados no presente documento forman parte da Base de Datos do Concello De Viana do Bolo, onde se pode dirixir por escrito para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.